



## RESOLUCIÓN

Dado que segundo o “Regulamento de organización e funcionamento da Escola Municipal de Musica de Oleiros”(EMMO), publicado no BOP de A Coruña núm. 72 de 16 de abril de 2013, no seu Capítulo 3 de Anexo 1, indícase o procedemento de matrícula para acceder aos estudos en dita Escola;

Posto que a data de inicio do proceso de matrícula comezará o 1 de marzo, para proceder á renovación do alumnado matriculado neste curso escolar e realizar as novas matrículas para o vindeiro curso escolar 2024/2025, é necesario aprobar e facer público o calendario e instrucións que rexerán este proceso.

Polo exposto, e en virtude das atribucións contidas no artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía núm. 2023003281 de 21 de xuño;

### RESOLVO :

1º.- Aprobar o seguinte calendario de renovacións e novas matrículas para o curso escolar 2024/2025, da Escola Municipal de Música de Oleiros e as instrucións que rexerán para estas

### CURSO ESCOLAR 2024-2025 Cadro do proceso e prazos de matrícula da ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

FASE	PRAZOS	ACCIÓNS
1ª.-Renovación das matrículas	1-20 marzo	Renovación das matrículas de Música e Movemento (agás o ano 2016), e Instrumento
	4 abril	Publicación das prazas vacantes de Música e Movemento, e Instrumento
	5- 12 abril	Solicitudes de renovación de matrículas de Música e Movemento do ano 2016
	16 abril	Publicación de prazas vacantes en MM e Instrumento
2ª.- Matrícula de prazas libres	17- 24 abril	Pre-inscripción libre para especialidades de MM e Instrumento
	25 abril	Sorteo de letra para adxudicar MM e Instrumento

	30 abril	Publicación de prazas adxudicadas de MM, Instrumento, elistaxes de agarda
	2-16 maio	Alegacións ás prazas adxudicadas/ listaxe de agarda
	21 maio	Publicación dos resultados das alegacións
	22 maio- 3 xuño	Formalización das matrículas de MM e Instrumento Aboamento das taxas e entrega de documentación
	12 xuño	Publicación de matriculados/as, e listaxe de espera de MM e Instrumento
3ª.- Matrícula de prazoextraordinario	1 setembro –Último día lectivo de febreiro	Período extraordinario de solicitude de praza en MM e instrumento. Listaxe de espera por orde de rexistro
	Último día lectivo de febreiro	Desafección de listaxe de espera curso escolar vixente

O HORARIO para a realización dos procesos antes descritos será o seguinte:

De LUNS a MÉRCORES: de 9:30 a 13:30 e de 17:00 a 19:00

Os XOVES: de 17:00 a 19:00

Os VENRES: de 9:30 a 14:30

LUGAR: Secretaría da Escola Municipal de Música.

**2º.-** Facer pública esta resolución nos taboleiros de anuncios da Escola Municipal de Música, do Concello de Oleiros e do Centro Cultural A Fábrica.

**3º.-** Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante



---

os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

**4º.-** Notificar esta resolución á empresa adxudicataria da xestión da Escola Municipal de Música para os efectos oportunos.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Sétima Tenenta de Alcalde Delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).